

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL TRAMITADO COMO ANTICIPADO DE GASTO.

En Santiago de Compostela, de de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte,

Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, con NIF Q8650002B, nomeado segundo o Decreto 110/2022, do 9 de xuño, (DOG núm. 117, do 20 de xuño de 2022), de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo, do sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG núm. 38, do 22 de febreiro).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17

de marzo, (DOG núm. 56, do 22 de marzo de 2022) de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo, do sistema Universitario e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

Ricardo José Cao Abad , reitor magnífico da Universidade da Coruña, con NIF Q6550005J, nomeado segundo o Decreto 1/2024, de 11 de xaneiro (DOG núm.10, do 15 de xaneiro de 2024), de acordo coas competencias que lle outorga Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo , do sistema Universitario e o Decreto 101/2004, de 13 de maio modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de da Coruña

Todas as partes recoñécense mutuamente a súa competencia e capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Galicia en xeral, e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en particular, conforme ó Decreto 147/2024, do 20 de maio, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, adscribe a este departamento da Administración Autonómica, entre outras, as competencias en políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral, polo que esta Consellería, apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a xestión e dirección laboral que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que este é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo.- O Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, autoriza a implantación de estudos oficiais de mestrado nas universidades galegas, en cuxo ámbito de aplicación ten cabida o título de Máster en Xestión e Dirección Laboral, que se ven impartindo polas Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo dende o curso académico 2007-2008.

Terceiro.- Este título trata de cubrir un campo de grande interese estratéxico nas relacións laborais, permitindo que se formen especialistas en recursos humanos e auditoría socio laboral procedentes, principalmente, do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, e dándose así resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e as súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma, e como tal, presenta unha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro.

A Universidade de Santiago de Compostela é a coordinadora do título denominado Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, que, consonte cos obxectivos do título, ten un contido formativo común de 24 créditos, que se imparten no primeiro cuatrimestre do curso académico, orientado a incrementar a formación de persoas procedentes de distintas titulacións para ofrecer un programa interdisciplinar no que afrontarán diferentes materias do ámbito xurídico-laboral, en particular a organización de empresas e dos recursos humanos.

Ten, así mesmo, un contido formativo especializado de 24 créditos que se imparten no segundo cuadrimestre correspondendo:

- Á Universidade de A Coruña a especialidade de "Recursos Humanos"
- Á Universidade de Santiago de Compostela a especialidade de "Xestión socio laboral", e
- Á Universidade de Vigo a especialidade de "Dirección laboral de empresas".

Remata a súa oferta formativa cunha materia de "Prácticas externas" de 6 créditos e coa elaboración do traballo fin de máster doutros 6 créditos.

Cuarto.- Por todo isto, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, consciente da importancia do logro acadado e do esforzo que supón para alumnos obter competencias no eido dos recursos humanos e da xestión socio laboral da empresa, acorda apoiar mediante axudas directas á totalidade das universidades de Galicia non afectando así ós principios de publicidade e de concorrencia pública, ao desenvolvemento do Máster conducente á formación de especialistas no indicado eido. *Así mesmo, o presente convenio será o instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma segundo o artigo 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Por todo isto subscriben o presente convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a

Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e as tres universidades do sistema universitario de Galicia para o desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, autorizado polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o Decreto 13/2007, do 1 de febreiro polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2007-2008 (DOG núm 28, do 8 de febreiro 2007) e de acordo coa Resolución do 17 de marzo de 2017, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se publica a modificación do plan de estudos do Máster en Xestión e Dirección Laboral (Máster conxunto das Universidades de A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela).

Segunda.- Compromiso das partes

Como universidade coordinadora, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a realizar todas as actividades precisas para que o Máster se desenvolva correctamente, en concreto, será a interlocutora coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración . En xeral, as tres universidades asumen os seguintes compromisos:

- Organizar e dirixir o curso, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título
- Entregarlle á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha memoria das actividades realizadas
- Facer constar a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda a información que se difunda sobre o Master, tanto nos medios de comunicación e nas redes, como no material didáctico que se puidese distribuír

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións

Pola súa parte a Xunta de Galicia, por medio da Consellería Emprego, Comercio e Emigración, **subministrará, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Esta consellería comprométese a colaborar no desenvolvemento do Máster, que se destinará a a cubrir os gastos correspondentes ós honorarios de profesores e relatores alleos á Universidade realizados no ano 2026.**

Ao orzamento global do Máster para o ano natural 2026 integrado polos ingresos da matrícula en cada una das universidades, engadirase un financiamento de quince mil (15.000 euros), a razón de 5.000 para cada una delas, a cargo da Consellería Emprego, Comercio e Emigración.

Terceira.- Financiamento

A achega dos 15.000 euros financiarase a través da aplicación orzamentaria 14.02.324A.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, con código de proxecto 2021 00127, de acordo co artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009,

de 8 de xaneiro e da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo ós que se vaian a imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos aprobado polo Consello de la Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2025. Así mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión e que, todos os actos ditados no expediente enténdense condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

As achegas financeiras serán libradas pola Xunta a cada universidade, nun único pagamento final para cada unha das universidades, logo de que se remita á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración memoria descritiva das actividades realizadas, acompañada da certificación expedida pola persoa con capacidade para ordenar pagamentos na que figure o importe que se xustifica e a relación de poñentes tendo un prazo de xustificación de ata o 15 de decembro de 2026.

Quinta.- Publicidade e inscrición de rexistros

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo

15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade e subvencións.

Sexta-. Protección de datos

As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

Sétima.- Consecuencias en caso de incumprimento das obrigas

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión de axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio e, eventualmente, á súa revogación.

Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, acerca dos criterios de graduación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión da subvención, resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente perciba a entidade beneficiaria, ou en su caso, o importe a reintegrar, nos seguintes casos:

1-. A demora inxustificada na presentación da xustificación, implicará un desconto dun 10% do importe subvencionado.

2-. A demora da obriga de presentación da declaración de non ter percibido outras axudas polas actividades subvencionadas neste convenio, producirá a redución dun 10% do importe subvencionado.

Oitava.- Incompatibilidade con outras axudas

Esta axuda é incompatible con outras axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade (gastos correspondentes ós honorarios de profesores e relatores alleos á Universidade), procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Novena.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa, indirecta nin subsidiaría, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento destas.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por tres representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e os coordinadores do máster de cada una das tres universidades. Esta Comisión, que será presidida por un dos representantes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, resolverá os problemas de interpretación e

cumprimento que se poidan suscitar.

Décimo segunda.- Prazo de vixencia

A duración deste convenio estenderase desde a súa sinatura, ata o 31 de decembro de 2026 e abranguerá as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2026.

Décimo terceira.- Extinción

O presente convenio resolverase:

- Polo transcurso do prazo de vixencia
- Por acordo das partes asinantes
- Por decisión unilateral dunha das partes cando causas sobrevidas impedisen ou dificultasen gravemente o cumprimento dos compromisos adquiridos. A parte afectada comunicarallo ás outras partes cun mes de antelación como mínimo.
- Polo incumprimento dos compromisos adquiridos por algún dos asinantes
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- Por calquera outra causa distinta prevista nas leis

Décimo cuarta.- Modificación do convenio

De conformidade co establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Tal e como se establece no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico, este convenio poderá ser obxecto de modificación coa finalidade do logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asinan o presente convenio

José González Vázquez	Manuel Joaquín Reigosa Roger
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración	Reitor da Universidade de Vigo
Antonio López Díaz	Ricardo José Cao Abad
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela	Reitor da Universidade da Coruña